

DÍA DAS ESCRITORAS (14 de outubro de 2019)

RECOMPILACIÓN DE FRAGMENTOS DE AUTORAS GALEGAS

Rosalía de Castro: *Cantares gallegos*

“Cando era tempo de inverno,
pensaba en donde estarías;
cando era tempo de sol,
pensaba en donde andarías.
¡Agora... tan soio penso,
meu ben, si me olvidarías!”.

Xela Arias: *Intempériome*

“[...] é que teño o corazón de auga derretida desbordando
vasos e piscinas
e veñan as aulas zoando coma corsarios
dos mares da palabra”.

María Xosé Queizán: *Despertar das amantes*

“Suspiramos con Ofelia
morremos con Xulieta
choramos con Rosalía
espiramos con Werther”

Helena Villar Janeiro: *Amor por catro*

“E volveron mirarse. Agora a tristeza fora substituída pola tenrura e o mutuo agradecemento á sinceridade”.

Marilar Aleixandre: *A expedición do Pacífico*

“Miss Beatrice tamén me falara dun libro escrito había cen anos por unha inglesa, Mary Wollstonecraft no que se argumentaba que mulleres e homes debían ser iguais, e contárame que a filla de Wollstonecraft foi escritora, autora dunha novela chamada Frankenstein, e muller do poeta Shelley”.